



**ANUNCIO
CONTRATACIÓN BRIGADA DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA INCEDIOS FORESTAIS
ANO 2019**

O 26.07.2019 ditouse a Resolución de Alcaldía núm. 745/2019 que di:

“[...]”

PRIMEIRO.- Proceder á contratación de Esteban Vila Pena, como persoal laboral temporal baixo a modalidade contractual de obra ou servizo, como xefe de brigada para a realización de traballos de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, de conformidade ao Convenio de Colaboración asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Fene, dende o 31.07.2019 ata o 30.10.2019 coas seguintes retribucións mensuais: 1.400,00 € (1.200 € máis 200,00 € de prorrata extra).

SEGUNDO.- Proceder á contratación de Jorge Fernández López, como persoal laboral temporal baixo a modalidade contractual de obra ou servizo, como peón de brigada-condutor para a realización de traballos de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, de conformidade ao Convenio de Colaboración asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Fene, dende o 31.07.2019 ata o 30.10.2019 coas seguintes retribucións mensuais: 1.166,67 € (1.000 € máis 166,67 € de prorrata da extra).

TERCEIRO.- Proceder á contratación de Andrés Orjales García e Jonatan Crego González, como persoal laboral temporal baixo a modalidade contractual de obra ou servizo, como peóns de brigada para a realización de traballos de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, de conformidade ao Convenio de Colaboración asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Fene, dende o 31.07.2019 ata o 30.10.2019 coas seguintes retribucións mensuais: 1.166,67 € (1.000 € máis 166,67 € de prorrata da extra).

CUARTO.- Requerir a Esteban Vila Pena, Jorge Fernández López, Andrés Orjales García e Jonatan Crego González que, no prazo improrrogable de dous días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación da presente resolución na web do Concello, presenten a seguinte documentación:

-Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que teñen “a capacidade funcional necesaria para traballar nas brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais.”

-Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

O aspirante que no prazo indicado non presente a documentación requirida pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior.

QUINTO.- Advertir que os citados traballadores serán sometidos a un recoñecemento médico segundo a documentación técnica que se contén no convenio de colaboración asinado entre a Consellería Rural e o Concello de Fene, e que será motivo de extinción do contrato de traballo a non superación do recoñecemento médico (artigo 52.a) do Real decreto legislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores).

SEXTO.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n.- Tlfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 -15500-FENE

C I F : P - 1 5 0 3 6 0 0 - G



Transcurrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do concello.

SÉTIMO.- Publicar esta resolución na páxina web do Concello.”

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

C I F : P - 1 5 0 3 6 0 0 - G